



## CAMPOS DE TRABAJO EN VILADONGA. CAMPAÑAS 2006 E 2007.

Xoán García Rodríguez \*



Unha das actividades de tempo libre máis demandadas pola xente moza son os campos de traballo. Aínda que os hai moi diversos no tocante a obxectivos, organización e calidade das actividades penso que o fondo mesmo da experiencia é sumamente positivo. É unha mágoa que certos tópicos fagan que moitos mozos e mozas se acheguen a este tipo de actividades cunha visión distorsionada e sen coñecer a súa orixe histórica. Os campos de traballo xurdiron como experiencias de paz, convivencia e solidariedade tralas dúas grandes guerras mundiais, adicándose, nese primeiro contexto histórico, á reconstrución de cidades e granxas destruídas pola barbarie bélica. Hoxe en día, moitos deses valores iniciais seguen vixentes pero adaptados a outros contextos.

Un campo de traballo vén sendo unha xuntanza voluntaria dun grupo de persoas que traballan conxuntamente durante un período variable de tempo para desenvolver tarefas habitualmente demandadas por unha comunidade. Non se trata pois dunhas vacacións alternativas senón dunha alternativa ás vacacións. O carácter de voluntariedade é definitorio xa que non se van percibir remuneracións económicas polo labor a realizar pero si compensacións doutra clase: intercambio cultural, coñecemento do medio, desenvolvemento persoal, traballo en equipo, amizade,...

Podemos dicir que un campo de traballo é un microcosmos onde se unen persoas de diferentes

\* Director do Campo de Traballo

CAMPOS DE TRABAJO EN VILADONGA.  
CAMPAÑAS 2006 E 2007.



lugares para mellorar conxuntamente a forma de enfocar a vida. No fondo, o que se plantexa é o dereito a seguir crendo que certas utopías son posibles, que é máis importante traballar polas realidades que unen que polas que separan aos seres humanos aínda que dende un escrupuloso respecto á variedade cultural, ideolóxica, relixiosa,...

O campo de traballo debe ser tamén un lugar de formación pero non no senso académico do termo, senón en íntimo contacto co medio ambiente que o rodea. Cando falo de medio ambiente non só falo do medio biofísico senón dunha realidade máis complexa como é todo aquilo que rodea ao ser humano dende un punto de vista espacial (o medio modificado polo home e a muller) e temporal (herdanza cultural, histórica,...). Por iso é tan importante a idea de relación coa comunidade onde se desenvolve o campo de traballo como medio de exploración e achegamento a esa realidade descoñecida.

Precisamente, dentro dese concepto amplo de medio ambiente é onde se dan a man as grandes utopías da nosa sociedade: loita por un equilibrio ecolóxico compatible co benestar económico, demanda dunha maior xustiza social, defensa das culturas ameazadas pola uniformización imperante, loita contra o racismo nas súas diferentes manifestacións (xenofobia, sexismo,...). Non hai que esquecer que a minorización dunha lingua, a intolerancia machista, a xenofobia excluínte, danan tanto o medio ambiente como os procesos físicos de destrución do contorno. O ser humano como parte integrante do contorno debe decatarse de que todos dependemos de todos e que na medida en que coídemos as relacións co medio, especialmente no tocante á convivencia entre os propios seres humanos, estaremos a traballar polo contorno global.

Todo isto fai que os campos de traballo sexan lugares privilexiados para reflexionar e vivenciar valores moi urxentes na nosa sociedade e experiencias vitalmente poderosas.



Ao abeiro dun acordo entre a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta de Galicia organizouse no verán do 2007, un campo de traballo internacional no Castro de Viladonga. Era a segunda vez que nese lugar se realizaba unha experiencia similar e a valoración final da mesma foi sumamente positiva.

Foi unha única quincena (do 16 ao 30 de xullo) con voluntarios de 24 a 30 anos procedentes doutros países (Francia e Corea) e tamén das diferentes autonomías do Estado Español. No ano 2006 houbera dúas quincenas nacionais, unha para mozos e mozas de 18 a 23 anos e outra para os de 24 a 30 anos. Nestes dous anos contamos coa participación de 58 voluntarios sobre un total de 70 prazas posibles o cal nos fala do éxito de convocatoria que tivo o campo de traballo. Algúns dos mozos traían na arqueoloxía un claro centro de interese pero para a maior parte dos voluntarios o fundamental era o intercambio persoal e achegarse un pouco á realidade galega.

Tanto o traballo arqueolóxico (escavacións, tarefas de

laboratorio,...) como as actividades complementarias realizadas foron valoradas moi positivamente. A organización do campo de traballo fíxose a través de dinámicas participativas, é dicir que os voluntarios escollían o lugar onde querían traballar (sempre en función das necesidades) e tamén as actividades complementarias que querían realizar durante a quincena (sempre dentro das posibilidades). Este funcionamento asembleario foi algo que os voluntarios agradeceron e valoraron moito.

Hai que dicir que traballar en Viladonga é un auténtico luxo aínda que, sendo honestos, talvez non sexa o sitio que máis precise dun campo de traballo. É un dos tres castros máis coñecidos de toda Galicia, ten un museo arqueolóxico que, como profesor de Instituto que son, teño que dicir que é unha gozada pedagóxica e, a maiores, conta cun amplo apoio institucional.

Todo isto fai que non sexa un lugar que precise dunha intervención urxente para salvalo do abandono e do esquecemento como acontece na maior parte dos campos de traballo arqueolóxicos.

Tamén é certo que o campo de traballo pode contribuir a que o Castro de Viladonga sexa máis coñecido alén das nosas fronteiras e se converta nun foco de atracción de visitantes máis importante do que xa é. Neste senso o impacto positivo sobre a comunidade que o rodea sería importante, cousa que, como obxectivo dun campo de traballo, non é nada desprezable tendo en conta o pouco coñecida e visitada que ás veces é a Galicia interior. Probablemente, sexa neste aspecto onde pode atopar maior sentido unha actividade de voluntariado deste tipo.

Algunhas das actividades máis interesantes que se fixeron nesta quenda foron un bautizo aéreo no aeródromo de Rozas, coñecer en piragua os canóns do Sil e a Ribeira Sacra, viaxes á Mariña lucense e á comarca da Ulloa, unha noite meiga ambientada no Castro e moitas outras. O obxectivo destas actividades non é outro que fomentar a convivencia entre os voluntarios, o coñecemento do contorno e tamén premiar dalgún xeito o seu esforzo como voluntarios.

Unha das cousas que máis botei en falla foi unha maior interacción dos voluntarios coa comunidade, especialmente cos veciños do Concello de Castro de Rei. Probablemente o feito de que o aloxamento dos participantes se fixera na Residencia Xuvenil "Lug", na cidade de Lugo, puido influír algo nesta cuestión. En anos vindeiros e coa colaboración das autoridades locais, seguramente melloraremos neste senso xa que é un dos aspectos máis importantes nun campo de traballo.

Aínda que o traballo dos profesionais implicados na actividade (monitores, arqueólogos, persoal do museo de Viladonga,...) foi moi importante, non quería rematar este artigo sen agradecer a todos os voluntarios do campo de traballo o seu esforzo, adicación e interese, xa que eles foron os grandes protagonistas desta historia. Estiveron mergullándose durante uns días no pasado remoto de Galicia, na historia dos nosos devanceiros e agora, despois de quince días de traballo, eles mesmos forman parte tamén desa historia, da historia do Castro de Viladonga.